

En virtude dos acordos entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, e de acordo coas atribucións que lle confire a lexislación vixente, ESTE REITORADO resolve:

1 Convocar un curso destinado á mellora das habilidades orais e argumentativas do alumnado da Facultade de Dereito, co título de “Falar ao dereito”.

2 O curso celebrarase na Facultade de Dereito.

3 O comezo e horario do curso determinarao o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela.

4 O curso terá lugar no local que determine a Universidade de Santiago de Compostela.

5 O número de asistentes a este curso estará suxeito á dispoñibilidade de espazo físico do local no que se celebre. En todo caso non poderá ser superior a trinta.

6 No caso de que non se matricule un mínimo de dez estudantes, o curso poderá ser anulado.

7 A matrícula realizarase por procedemento telemático no enderezo web <http://www.usc.es/snl/forma/falaraodereito> O prazo de presentación de solicitudes estará comprendido entre os días 25 de febreiro e o 6 de marzo de 2009.

8 As solicitudes de admisión seleccionaraas a Universidade de Santiago de Compostela tendo como criterio a orde de recepción de instancias.

9 Os solicitantes deberán xustificar documentalmente a súa efectiva vinculación coa Universidade de Santiago de Compostela e, de lles ser requirida, a súa condición de estudantes da Facultade de Dereito.

10 Será requisito para formalizar a matrícula estar en posesión do Celga 4 ou a súa validación (O título de bacharelato ou técnico de FP2 sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.

11 O prezo de matrícula será de 30 €.

12 Os cursos terán as seguintes características:

- a) A duración será de 30 horas, das cales 20 serán presenciais, e 10 de traballo individual.
- b) A asistencia será obrigatoria nas horas presenciais, e cada un dos asistentes non poderá ter un número de faltas superior ao 10%
- c) Ás persoas que realicen os cursos outorgaráselles un certificado de asistencia.
- d) Dende o Servizo de Normalización Lingüística tramitarase o recoñecemento de un crédito de libre configuración.
- e) A lingua instrumental do curso (material, desenvolvemento de actividades, traballos, etc.) será o galego.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2009

O reitor

Senén Barro Ameneiro